

Resolución do 08 de maio de 2018 do Director-Xerente de SEAGA, no proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Capataz, resultante do período de actualización de listas, pola que se aproba e se fai pública a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos nesta categoría.

Por resolución do 22 de marzo de 2018 da comisión de selección, publicada na páxina web de SEAGA, aprobouse e fíxose pública a lista provisional de candidatos admitidos e excluídos ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría profesional de Capataz, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2017.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre a lista provisional de candidatos admitidos e excluídos, de conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.3 e nas bases específicas 1.4.3 das que rexen o proceso, este Director-Xerente, **ACORDA:**

Primeiro.- Resolver as reclamacións efectuadas.

Resolver as reclamacións efectuadas contra a lista provisional de candidatos admitidos e excluídos ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Capataz, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2017.

Segundo.- Facer pública a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos trala resolución das reclamacións efectuadas contra a lista provisional de candidatos admitidos e excluídos.

Facer pública a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Capataz, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2017, trala resolución das reclamacións efectuadas, que figura publicada como ANEXO, na que os candidatos figuran por orde do D.N.I, apelidos e nome, co/s perfil/is profesional/is, ámbito/s territorial/is e con indicación, no caso dos candidatos excluídos, da causa determinante da súa exclusión.

Santiago de Compostela, a 08 de maio de 2018.

O Director-Xerente



Asdo.-Pablo Arbones Maciñeira.